



NOTA DE PRENSA

A Plataforma Galega EMERXENCIA DEPENDENCIA, por unha Atención Digna á Dependencia chama á cidadanía a mobilizarse diante do Parlamento Galego o 17 de novembro.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2025

A Plataforma Galega **EMERXENCIA DEPENDENCIA**, por unha Atención Digna á Dependencia —baixo o lema *A Dependencia e os coidados non poden agardar, orzamentos sociais xusto xa!*— convoca unha **concentración o luns 17 de novembro ás 11:00 horas diante do Parlamento de Galicia (Rúa do Hórreo, Santiago de Compostela)** para esixir políticas públicas xustas e unha atención digna ás persoas dependentes.

A mobilización ten como obxectivo **denunciar a grave situación de emerxencia que vive o sistema galego de atención á dependencia**, marcado por **longas listas de espera, demoras de máis dun ano** na tramitación dos expedientes e **falta de recursos humanos e materiais**. A día de hoxe, as persoas dependentes deben agardar **de media ó redor dun ano**, para recibir unha prestación que, segundo a lei, debería resolverse en 180 días, **moitas persoas falecen mentres esperan pola dependencia**. **Galicia é a comunidade autónoma con menor número de solicitudes de dependencia por persoa potencialmente dependente**, segundo os datos que publica o **IMSERSO (Instituto de Mayores y Servicios Sociales)** sobre o Sistema para la Autonomía y Atención a la Dependencia (SAAD).

Desde a Plataforma criticamos a reforma da Lei 13/2008 de Servizos Sociais aprobada pola Xunta “pola porta de atrás”, sen diálogo cos axentes sociais, e alertan de que esta modificación “reduce dereitos e abre a porta á privatización encuberta do sistema”.

“A dependencia e os coidados non poden agardar. Queremos servizos públicos, non bonos”, sinalamos dende a organización.

Entre as principais demandas da Plataforma destacan:

- **A revogación das modificacións da Lei 13/2008 e a creación dun sistema público galego de atención á dependencia.**
- **Incremento urxente de persoal** para as valoracións e tramitacións de dependencia e discapacidade.
- **Aumento dos orzamentos sociais** e creación de máis prazas en **centros públicos, residencias e servizos de atención no fogar.**
- **Creación dun sistema público de atención a Dependencia.**
- **Convocatoria inmediata do Consello Galego de Benestar Social** coa presenza da Conselleira de Política Social e Igualdade.



A Plataforma fai un chamamento á cidadanía, organizacións sociais e forzas políticas para **sumarse á concentración do 17 de novembro** e defender “un sistema público forte, xusto e digno para todas as persoas en situación de dependencia”.

Reunións con grupos parlamentarios

No marco das accións reivindicativas, a **Plataforma Galega EMERXENCIA DEPENDENCIA** manterá **unha xuntanza co BNG o venres 14 de novembro e outra co PSdeG-PSOE o luns 17 de novembro no Parlamento de Galicia**, co obxectivo de trasladarlles directamente as súas demandas e propostas para mellorar o sistema galego de atención á dependencia.

📍 **DATA:** 17 de novembro de 2025 as 11:00

📍 **LUGAR:** Diante do Parlamento de Galicia (Rúa do Hórreo, Santiago de Compostela)

🔔 **Convoca:** Plataforma Galega por unha Atención Digna á Dependencia – **Emerxencia Dependencia.**

Máis información :

Emerxenciadependencia@gmail.com

[**David Gontán 604077879**](tel:604077879)



ORGANIZACIÓNS QUE FORMAN A PLATAFORMA:

- **ASGADeD** (Asociación Galega na Defensa do sistema Público de Dependencia e Discapacidade)
- **BNG** (Bloque Nacionalista Galego)
- **CCOO** (Comisións Obreiras)
- **CIG** (Confederación Intersindical Galega)
- **Compostela Aberta**
- **COPG** (Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia)
- **COTOGA** (Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia)
- **COTSG** (Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia)
- **CUT** (Central Unitaria de Traballadoras)
- **Esquerda Unida**
- **Ferrol en Común**
- **MODEPEN** (Movemento Galego pola Defensa das Pensións e os Servizos Públicos)
- **SLG** (Sindicato Labrego Galego)
- **PODEMOS**
- **PSdG- PSOE**